

SAÍDAS DE CLAUSURA



PROGRAMA LECER PRIMAVERA DE 2026



PRESCRIPCIÓN PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES DO PROGRAMA DE LECER: 11, 12 E 13 DE MAIO

Para aquelas persoas que non teñan posibilidade de facelo de maneira telemática, haberá persoal de axuda no Ágora e no Fórum, no seguinte horario: 9.00 a 14.00 h.

Cada persoa poderá anotarse en 3 saídas curtas e 3 longas, **no mesmo formulario**. Deben indicalas por orde de preferencia. Só se poderá cubrir un formulario por persoa. E imprescindible facer a preinscrición de forma consecutiva para ir no mesmo autobús, no caso das persoas que desexen viaxar xuntas. Debido ao gran volume de xente, non se asegura o poder compartir asento conxunto.

[PREMA AQUÍ PARA ACCEDER AO FORMULARIO](#)

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PREINSCRIPCIÓN: xoves 14 de maio, ás 12.00 h

PRAZO DE RECLAMACIÓN: xoves 14 de maio e venres 15 de maio, de 10.00 a 14:00 h

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PREINSCRIPCIÓN DEFINITIVA: luns 18 de maio, ás 12.00 h

SORTEO: martes 19 de maio, ás 12.00 h

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: venres 22 de maio, a partir das 10.00 h, no Fórum, no Ágora, na páxina web e no servizo 010.

ABONO: luns 25, martes 26 e mércores 27 de maio, de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas. **UNICAMENTE SE REALIZARÁN OS COBROS CON TARXETA**, nas entradas de ambos os centros. Os billetes aboardanse no centro de saída de referencia.

De non facer efectivo o aboamento da/s saída/s adxudicada/s, a persoa interesada perderá a súa preferencia e as prazas serán vendidas como prazas libres.

- O venres 29 realizaranse as **chamadas** á xente da **lista de espera**.
- O martes 2 de xuño sairán as **prazas libres** para acompañantes e público en xeral. (Se aínda houbese prazas). Consultaranse en cada centro, por orde de chegada.

PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A partir do número do sorteo, tratarase de asignar a primeira saída preferente e o asento do autobús, ata esgotar as prazas.

A partir do número que saíse no sorteo, iremos asignando as prazas de cada saída ata completar o autobús entre todas as persoas que as solicitasen, pola orde de preferencia que estableceron na solicitude.

MOI IMPORTANTE:

***As saídas terán un número mínimo de participantes para seren realizadas: 15 persoas para as curtas e 45 para as longas.**

***As rutas poden sufrir algunha modificación. Nestes casos as persoas interesadas serán informadas.**

***No caso de anular a praza xa pagada, non se efectuará a devolución do importe aboado.**

SAÍDAS CURTAS

→ **MARTES 9 DE XUÑO**

FUNDACIÓN BARRIÉ - LALIQUE, A BELEZA NO ART NOUVEAU E NO ART DÉCO

A Fundación Barrié acolle «Lalique, a beleza no art nouveau e no art déco», a maior exposición organizada ata o de agora en España sobre a obra de René Lalique (Ay, 1860 - París, 1945), mestre do art nouveau e do art déco, quen redefiniu a relación entre arte, deseño e industria e marcou un antes e un despois na historia do deseño europeo do cambio de século.

Lugar de inicio: Fundación Barrié

GRUPO 1 - 11.00 h

GRUPO 2 - 12.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 55 min

VISITA Á PLANTA NOBLE DO CONCELLO DA CORUÑA (PATRI ANGULO)

As persoas participantes poderán percorrer a planta principal da Casa do Concello, onde se atopa o Museo do Reloxo, que alberga pezas desde o século XVIII ata a actualidade, o Salón de Plenos e os retratos de todos os alcaldes que tivo a nosa cidade.

Lugar de inicio: María Pita

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 18.30 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

→ **XOVES 11 DE XUÑO**

A CIDADE DA AUGA (FER CAMPOS)

Apoiándonos en fotografías antigas, exploraremos o enorme vínculo entre A Coruña e a auga a través de personaxes do pasado como as aguadoras e as catalinas.

Lugar de inicio: Fonte de Neptuno, na praza de Sta Catalina.

GRUPO 1 - 10.00 h

GRUPO 2 - 12.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 80 min

FUNDACIÓN BARRIÉ - LALIQUE, A BELEZA NO ART NOUVEAU E NO ART DÉCO

A Fundación Barrié acolle «Lalique, a beleza no art nouveau e no art déco», a maior exposición organizada ata o de agora en España sobre a obra de René Lalique (Ay, 1860 - París, 1945), mestre do art nouveau e do art déco, quen redefiniu a relación entre arte, deseño e industria e marcou un antes e un despois na historia do deseño europeo do cambio de século.

Lugar de inicio: Fundación Barrié

Hora: 11.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 55 min

TESOUROS DA CIDADE (PATRI ANGULO)

Facer visible o invisible. Atopar lugares nos que non reparamos normalmente, espazos que contan historias doutros tempos, memoria da cidade, memoria do tempo. Ás veces non observamos as cicatrices que se atopan no chan, mais hoxe poderemos recoñecelas neste paseo polas rúas da cidade.

Lugar de inicio: Porta Real

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 19.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

 **VENRES 12 DE XUÑO**

FUNDACIÓN LUÍS SEOANE

Con motivo da celebración do 30 aniversario da súa creación, a Fundación Luís Seoane presenta 'Seoane reencontrado', unha exposición que saca á luz un conxunto de 55 óleos da colección institucional que non se amosaban ao público desde hai máis dunha década, dos que 38 xamais foron expostos nas salas da Fundación.

Lugar de inicio: Fundación Luís Seoane

Hora: 10.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 60 min

AS PEGADAS DOS LIBROS (PATRI ANGULO)

Descubriremos os lugares onde se gardan a memoria do tempo e as historias dos libros. As bibliotecas, silenciosas e firmes, custodian ese legado como faros de coñecemento e refuxio para a imaxinación. Hoxe coñeceremos algunhas das que están, e das que non están, mais todas favoreceron a chegada da cultura.

Lugar de inicio: Campo da Leña (estatua de Porlier)

Hora: 10.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

 **MARTES 16 DE XUÑO**

FUNDACIÓN BARRIÉ - LALIQUE, A BELEZA NO ART NOUVEAU E NO ART DÉCO

A Fundación Barrié acolle «Lalique, a beleza no art nouveau e no art déco», a maior exposición organizada ata o de agora en España sobre a obra de René Lalique (Ay, 1860 - París, 1945), mestre do art nouveau e do art déco, quen redefiniu a relación entre arte, deseño e industria e marcou un antes e un despois na historia do deseño europeo do cambio de século.

Lugar de inicio: Fundación Barrié

GRUPO 1 - 11.00 h

GRUPO 2 - 12.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 55 min

A PEGADA DOS LIBROS (PATRI ANGULO)

Descubriremos os lugares onde se gardan a memoria do tempo e as historias dos libros. As bibliotecas, silenciosas e firmes, custodian ese legado como faros de coñecemento e refuxio para a imaxinación. Hoxe coñeceremos algunhas das que están, e das que non están, mais todas favoreceron a chegada da cultura.

Lugar de inicio: Campo da Leña (estatua de Porlier)

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 19.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

→ MÉRCORES 17 DE XUÑO

FUNDACIÓN LUÍS SEOANE

Con motivo da celebración do 30 aniversario da súa creación, a Fundación Luís Seoane presenta 'Seoane reencontrado', unha exposición que saca á luz un conxunto de 55 óleos da colección institucional que non se amosaban ao público desde hai máis dunha década, dos que 38 xamais foron expostos nas salas da Fundación.

Lugar de inicio: Fundación Luís Seoane

Hora: 17.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 60 min

→ XOVES 18 DE XUÑO

DESMONTANDO MARÍA PITA (FER CAMPOS)

Coa axuda de imaxes de diversas épocas, comprenderemos a evolución da praza principal da nosa cidade desde o século XIX ata os nosos días.

Lugar de inicio: Porta Real

GRUPO 1: 10.00 h

GRUPO 2: 12.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 80 min

VISITA Á PLANTA NOBLE DO CONCELLO DA CORUÑA (PATRI ANGULO)

As persoas participantes poderán percorrer a planta principal da Casa do Concello, onde se atopa o Museo do Reloxo, que alberga pezas desde o século XVIII ata a actualidade, o Salón de Plenos e os retratos de todos os alcaldes que tivo a nosa cidade.

Lugar de inicio: María Pita

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 18.30 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

→ **VENRES 19 DE XUÑO**

TESOUROS DA CIDADE (PATRI ANGULO)

Facer visible o invisible. Atopar lugares nos que non reparamos normalmente, espazos que contan historias doutros tempos, memoria da cidade, memoria do tempo. Ás veces non observamos as cicatrices que se atopan no chan, mais hoxe poderemos recoñecelas neste paseo polas rúas da cidade.

Lugar de inicio: Porta Real

GRUPO 1: 17.00 h

GRUPO 2: 19.00 h

Prezo: 2 €

Duración estimada da visita: 90 min

SAÍDAS LONGAS

→ **LUNS 8 DE XUÑO**

CUBERTAS DA CATEDRAL E O SANTIAGO

Comezaremos coa visita ás cubertas da Catedral de Santiago de Compostela, un percorrido único que permite descubrir o templo desde unha perspectiva diferente. Son 140 chanzos cun acceso polo interior da torre. Pasearemos polos seus tellados a unha altura de case 80 metros e desfrutando de vistas privilexiadas da cidade, ao tempo que coñecemos curiosidades sobre a súa construción e evolución ao longo dos séculos.

Tras esta primeira actividade, realizarase unha comida nun restaurante céntrico e, pola tarde, levarase a cabo unha visita con guía oficial por Santiago de Compostela.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h, aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar).

OLLO: non indicada para persoas con vértixe e moi importante calzado adecuado.

→ **MARTES 9 DE XUÑO**

FUCIÑO DO PORCO E O VICEDO

A xornada comeza cunha visita ao museo etnográfico da Capela e á súa Casa Museo. Organizaremos o grupo en dúas partes, para facilitar o percorrido. A continuación, desprazarémonos ata a praia de Abrela, onde poderemos gozar da súa contorna natural e da súa singular piscina natural. Tras a comida nun restaurante da zona, a tarde continúa cunha ruta ata o Fuciño do Porco, onde realizaremos a travesía pola súa espectacular pasarela de madeira e escaleiras suspendidas sobre os acantilados do Cantábrico, e desfrutando das impresionantes vistas da costa.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00h e chegada ás 21.00 h aprox.

Prezo: 40 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

OLLO: cómpre levar calzado adecuado e hai moitas escaleiras.

→ MÉRCORES 10 DE XUÑO

PORTUGAL- VALENÇA E PALACIO DE XARDÍNS de BREJOEIRA

A mañá comeza coa visita á vila portuguesa de Valença do Minho, coñecida pola súa impresionante fortaleza e polo seu animado mercado. Gozaremos de tempo libre para pasear polos numerosos postos e tendas tradicionais, ideais para gozar do ambiente, realizar pequenas compras e descubrir produtos típicos portugueses. Ao final da mañá, trasladaránnos á fortaleza.

Pola tarde, gozaremos dunha visita guiada ao Palacio de Brejoeira e os seus xardíns, monumento nacional desde 1910, no municipio portugués de Monção. Palacete neoclásico e un dos exemplos mellor conservados da arquitectura civil portuguesa do Alto Miño (onde degustaremos o seu Alvarinho).

Hora e lugar de inicio: saída dende Fórum/Ágora ás 8.00 h e chegada ás 21.00 h, aprox

Prezo: 40 € (o prezo inclúe autobús e visita e proba de Vinho Alvarinho "Palácio da Brejoeira." **Non inclúe a comida**).

→ XOVES 11 DE XUÑO

CASTRO DE VILADONGA E LUGO MONUMENTAL

A mañá comeza coa visita ao Castro de Viladonga, un dos xacementos castrexos máis importantes do noroeste peninsular. Durante o percorrido guiado, coñeceremos como vivían os pobos galaicos e observaremos as estruturas das vivendas, as murallas e o sistema defensivo. A visita complétase co museo, onde se expoñen pezas orixinais atopadas nas escavacións que nos permitirá comprender mellor a vida cotiá desta cultura.

Tras a visita, realizarase a comida nun restaurante da zona. Pola tarde, a xornada continúa cun percorrido polo centro histórico de Lugo, coñecido pola súa impresionante Muralla Romana de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidade. Realizaremos unha visita guiada accesible, pasaremos por rúas emblemáticas e descubriremos monumentos como a Catedral de Santa María de Lugo e outros espazos de interese.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00h e chegada ás 20.30 h, aprox.

Prezo: 40 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

OLLO: cómpre calzado adecuado; ascenderemos a croa.

→ VENRES 12 DE XUÑO

MUSEO DO VIÑO E RIBADAVIA

A mañá comeza coa visita ao Museo do Viño de Galicia, onde se descubrirá a tradición vitivinícola galega. Tras a mañá cultural, xantaremos nun restaurante da contorna, e, pola tarde, a xornada continúa cun paseo pola vila de Ribadavia, un dos conxuntos históricos máis destacados de Galicia. Realizaremos un percorrido pola súa zona antiga, facendo especial fincapé no barrio xudeu, as súas rúas empedradas e os principais monumentos.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 21.30 h, aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, xantar e visita)

→ SÁBADO 13 DE XUÑO

MOSTERIOS DE SOBRADO E SAMOS

A mañá comeza cun achegamento a un tramo representativo do Camiño Primitivo na contorna de Sobrado. A continuación, visitaremos o impresionante Mosteiro de Sobrado dos Monxes, un dos conxuntos monásticos máis destacados de Galicia. Durante a visita guiada, descubriremos os seus claustros, a igrexa e a historia da comunidade cisterciense, así como a importancia deste enclave no Camiño de Santiago.

Tras a actividade da mañá, xantaremos nun restaurante da zona, e, pola tarde, completaremos a xornada coa visita ao Mosteiro de Samos, un dos mosteiros máis antigos e emblemáticos de Galicia.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ LUNS 15 DE XUÑO

DE BAIONA Á GUARDA

A xornada comeza coa visita á fortaleza de Monterreal, un enclave histórico privilexiado con vistas ao Atlántico. Continuaremos cara ao Faro Silleiro, punto emblemático da costa que ofrece panorámicas espectaculares do litoral. A seguinte parada serán os Muíños de Folón, un conxunto etnográfico único onde poderemos coñecer o funcionamento dos antigos muíños hidráulicos nun contorno natural de gran beleza. Para rematar, visitaremos o monte de Santa Tegra, na Guarda, onde descubriremos o seu importante castro e gozaremos dunhas vistas impresionantes da desembocadura do Miño e da costa galega.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20 h, aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ MARTES 16 DE XUÑO

A RÍA DE VIGO

A mañá comeza cunha visita guiada ao Pazo de Quiñones de León, onde se realizará un percorrido guiado polas súas exposicións. Tras a actividade da mañá, xantaremos nun restaurante da zona, e, pola tarde, daremos un paseo en barco pola ría de Vigo, que nos permitirá gozar das paisaxes costeiras e comprender a importancia desta ría ao longo da historia. O percorrido inclúe a visita á Illa de San Simón, un enclave cargado de significado histórico.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h, aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, xantar e visita en barco)

→ MÉRCORES 17 DE XUÑO

CENTRAL DO TAMBRE, RUTA DE SENDEIRISMO E CASTRO DE BAROÑA

Para comezar a xornada, visitaremos a Central Hidroeléctrica do Tambre, unha das xoias da arquitectura industrial galega. Mentres a metade do grupo visita a central, os outros realizaremos unha ruta de sendeirismo pola beira do río Tambre (aprox 6 km). Ao remate da visita, intercambiaráanse os grupos. Tras a comida, visitaremos o impresionante Castro de Baroña, un dos xacementos castrexos máis singulares de Galicia pola súa localización á beira do mar, e o museo Marea.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 40 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar).

OLLO: calzado cerrado e adecuado OBRIGATORIO

→ XOVES 18 DE XUÑO

BALUARTE DE FERROL

Poñeremos rumbo a Ferrol para visitar o Arsenal e buques da armada. Percorreremos o barrio histórico da Magdalena (froito do urbanismo ilustrado) e, despois do xantar, visitaremos o Castelo de San Felipe. Gozaremos de tempo libre antes de regresar ao bus.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20 h aprox.

Prezo: 40 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar).

→ VENRES 19 DE XUÑO

MOSTEIROS DE SAN PEDRO DE ROCAS E XUNQUEIRA DE ESPADANEDO E MUSEO DE OLERÍA

A mañá comeza coa visita ao Mosteiro de San Pedro de Rocas, un dos conxuntos monásticos máis antigos de Galicia, escavado directamente na rocha. A continuación, visitarase o Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, exemplo destacado da arquitectura románica e cisterciense. Tras as visitas da mañá, xantaremos nun restaurante da zona e, pola tarde, continuaremos a xornada cunha visita guiada ao Museo de Olería NiñoDaguia.

Hora e lugar de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h, aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

→ SÁBADO 20 DE XUÑO

COMARCA DO DEZA

A comarca do Deza agárdanos cun percorrido cheo de historia, patrimonio e natureza. Nesta saída visitaremos o impresionante Pazo de Liñares, un dos grandes referentes arquitectónicos da zona, e o Mosteiro de Carboeiro, xoia do románico galego situada nun enclave natural único. Tamén coñeceremos as igrexas de Breixa e Arxemil, exemplos do rico patrimonio relixioso e cultural da comarca. A xornada completarase cun pequeno paseo pola espectacular Fervenza da Toxa, un dos saltos de auga máis fermosos de Galicia, rodeado dunha paisaxe de gran beleza natural.

Hora e lugar .de inicio: saída desde Fórum/Ágora ás 9.00 h e chegada ás 20.30 h aprox.

Prezo: 50 € (o prezo inclúe autobús, visitas e xantar)

OLLO: cómpre levar calzado adecuado.